



ANTONIO VIEITES NOVO CAMPIÓN GALEGO DE CAZA DE ARCEAS

O cazador lucense, de Ribadeo, Antonio Vieites Rodríguez (Toto) da Sociedade de Cazadores *O Faisán*, coa setter inglés *Xela*, proclamouse Campión Galego do **IX Campionato Galego de Caza de Arceas**, na competición disputada o sábado día 2 de decembro, no tecor da Sociedade de Cazadores *Coristanco* (A Coruña).

Na competición participaron 21 cazadores -6 Coruña, 5 Lugo, 4 Ourense e 6 Pontevedra- previamente clasificados nos respectivos campionatos provinciais, máilo campión da pasada edición, Manuel Rodríguez Quiroga, que non tivo fortuna nesta ocasión.

Vieites Rodríguez, lograba o campionato con dúas arceas, e entraba no control -á carreira- ás 13,01 horas.

Subcampión, cunha arcea, foi José Carlos Otero Pérez (Ourense), co can *Ron*, quen facía a súa entrada no control ás 13,04 horas.

En terceiro lugar, tamén cunha arcea, clasificábase outro ourensán, José Luís Méndez Tesouro, con can *Jay*, da Sociedade de Caza *Maceda*, que entraba no control ás 13,10 h.

Os tres cazadores anteriores, formarán a selección que representará á Federación Galega de Caza no Campionato de España da modalidade, a celebrar en Garcipollera (Huesca) os días 15 e 16 de decembro.

O día, que ameceu chuvioso, só dificultou os desprazamentos a Coristanco, desde os distintos puntos de Galicia, aos cazadores clasificados para final Galega. No momento en que arrancaba a competición o tempo foise estabilizando, mesmo chegando a luci-lo sol, o que se traduciu nunha excelente xornada de caza no que á climatoloxía se refire. Referente ao cazadeiro, estaba practicamente encharcado sobre todo nas zoas chás, mesmo con regatos desbordados, o que fixo que os cazadores buscaran as arceas nas partes máis altas do tecor, máis secas e soleadas, segundo comentaba o flamante campión que abateu as dúas arceas nun pinar alto con moitos feitos, igual que o subcampión.

A organización correu a cargo da Federación Galega de Caza en colaboración coa Sociedade de Cazadores *Coristanco*.

Rematada a competición procedeuse á clausura da mesma e entrega de premios no Restaurante *Casa Sánchez*, acto ao que asistiron o Presidente da Federación Galega, o Presidente Provincial de A Coruña, e o Presidente da Sociedade anfitriona, entre outras autoridades.



Os catro campións provinciais de caza de arceas



O novo Campión Galego, Antonio Vieites Rodríguez, recibe o seu premio de man do Presidente da FGC